



CONCELLO DE OURENSE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A ORDENACIÓN E A EXECUCIÓN DE OBRAS NO MONTE PERIURBANO DE MONTEALEGRE PERTENCENTE AO CONCELLO DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación e Producción Forestal da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta dirección xeral, en representación da Consellería do medio Rural, ten previsto formalizar co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres meses desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre o Concello de Ourense e a Consellería do Medio Rural para que esta execute en terreos municipais sitos no parque botánico de Montealegre, as obras contidas nas encomendas de xestión para a ordenación e a creación de sendas e melloras de carácter ambiental do monte periurbano de Montealegre (Ourense) 32M40/16 e 32M41/16, presentadas pola Consellería no concello de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- O Concello de Ourense é titular do parque Botánico de Montealegre, que precisa dunha serie de actuacións e de obras que teñen encaixe no Programa anteriormente sinalado.
- Por medio do convenio ambas as dúas administracións públicas pretenden colaborar na mellora dese espazo público mediante a ordenación do terreo forestal e a execución de determinadas obras que resalten o seu valor natural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse adecuadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela o 13 de xullo de 2016.

O director xeral de Ordenación e Producción Forestal
Tomás Fernández-Couto Juanas
(asinado dixitalmente)

